

Resolución 1/2026 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo de acceso por promoción interna e mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado pola Orde do 24 de outubro de 2025, pola que se se lle da publicidade a diversos acordos.

Na sesión que tivo lugar o día 29 de xaneiro de 2026 e as posteriores, o tribunal nomeado por Resolución do 21 de xaneiro de 2026 (DOG número 19, do 29 de xaneiro) para cualificar o proceso selectivo unitario de acceso por promoción interna e de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado mediante orde de 24 de outubro de 2025, de conformidade coas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.: Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 29 de xaneiro de 2025.

En relación ao proceso de acceso de promoción interna (PR461C):

SEGUNDO.: Publicar como anexo I a esta Resolución a baremación provisional da fase de concurso, coa indicación da puntuación obtida por cada persoa aspirante en cada epígrafe e total, por orde decrecente de puntuación.

Ao abeiro do previsto na base 7.12 da convocatoria, concédese un prazo de cinco (5) días a efectos de alegacións á baremación provisional, a contar dende o día seguinte a publicación desta resolución na páxina web da Agasp e presentaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Non se valorarán nas alegacións que se presenten, méritos novos nin os que non se houberan acreditado con anterioridade.

SEGUNDA.: A primeira proba do proceso selectivo de acceso por promoción interna, terá lugar o **dia 6 de marzo de 2026, en chamamento único as 10:30 horas, na sede da Agasp.**

Esta proba de avaliación de coñecementos consistirá na contestación por escrito dun cuestionario



de 120 preguntas tipo test máis 10 de reserva, propostas por este Tribunal, con 4 alternativas de resposta cada unha, das cales só unha delas é correcta.

As persoas aspirantes dispoñerán dun tempo máximo de dúas (2) horas para a súa realización.

As persoas aspirantes deberán cumprir as seguintes regras:

- Deberán ir provistas de:
 - a) DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade e mantelo en todo momento que duren o/os exercicios enriba da mesa asignada.
 - b) Bolígrafo negro ou azul
- Non está permitido o acceso ao recinto onde se vai a desenvolver o exercicio con teléfonos móbiles, reloxo, agendas electrónicas ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio, a simple tenza, constitúe inadmisión ao chamamento.
- Poderase abandonar o lugar de realización da proba unha vez rematada a mesma, agás nos primeiros e nos derradeiros 30 minutos do tempo establecido, sempre e cando sexa autorizado polo persoal de organización seguindo as indicacións do tribunal.
- Durante a realización do exercicio deberán manter en todo momento visibles os pavillóns auditivos e que non se permite o uso de prendas de cabeza.
- O chamamento establécese ás 10:30 horas da mañá e as persoas aspirantes que non comparezan ao chamamento entenderanse decaídas no seu dereito a continuar no proceso selectivo.
- Rematado o exercicio por tódalas persoas aspirantes, publicarase na páxina web da Agasp (<https://agasp.xunta.gal>) o enunciado e o cadro de respostas correctas desta proba.
- A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/12$, onde N é a nota final da proba; A son as preguntas acertadas; F son as preguntas falladas ou non contestadas.



- Achegase como anexo II a esta Resolución, o modelo de plantilla de respostas correctas que se empregará na realización do primeiro exercicio, co obxecto de facilitar ao persoal opositor a súa cobertura, sen erros.

En relación ao proceso de provisión por mobilidade (PR461H):

CATRO.: Publicar como anexo III a esta Resolución a baremación provisional do proceso de provisión por mobilidade coa indicación da puntuación obtida por cada persoa aspirante en cada epígrafe e total, por orde decrecente de puntuación.

De acordo co establecido na base 8.3 da orde da convocatoria, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións ante este Tribunal, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da baremación provisional.

QUINTO.: Remitir á Academia Galega de Seguridade Pública esta resolución e os seus anexos para a publicación na súa páxina web.

A Estrada, asinado dixitalmente

Angel Arjona Bernaldez
Presidente do Tribunal

